

Unidade 8. Que ocorre?

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Marca os adverbios das seguintes oracións.

- **Onte** saín xogar cos meus amigos.
- Pedro ergueuse **cedo** e duchouse **rapidamente** para marchar de excursión.
- Nós vivimos **preto** do río.
- **Mañá** poderemos comer **moitos** xeados **mentres** paseamos **tranquilamente** co can.

2. Clasifica os adverbios da actividade anterior.

Lugar	Tempo	Modo	Cantidade
Preto	Onte, cedo, mañá, mentres	Rapidamente, tranquilamente	Moitos

3. Contesta con adverbios. Resposta libre.

- Agora onde estás? _____
- Como o pasas cando vas de excursión? _____
- Cantas tarefas tes? _____

4. Rodea os adverbios e escribe no caderno unha oración para cada un deles

azul cedo cantades facilmente casa aquí pouco

5. Analiza as palabras destacadas desta oración:

- **Onte saímos no coche pequeno da miña tía.**

Onte _____ adverbio de tempo.

saímos _____ 1.ª persoa de plural do pretérito.

coche _____ substantivo común masculino singular.

pequeno _____ adxectivo masculino singular.

miña _____ determinante posesivo feminino singular.

tía _____ substantivo común feminino singular.

Unidade 8. Que ocorre?

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

6. Observa e escribe.



Moucho



Burro



Abella

- Escribe os dígrafos escritos. **ch, rr, ll.**
- Escribe unha oración con cada unha das palabras anteriores. **Resposta libre.**

- _____
- _____
- _____

7. Completa cos dígrafos necesarios (ch, rr, ll, nh).

mollar

gorra

ollo

cella

unha

cachelo

chourizo

berro

chover

cachola

coller

vello

lente__a

algunha

ningunha

ferro

8. Escolle catro palabras da actividade anterior e fai unha oración con cada unha.

Resposta libre.

- _____
- _____
- _____
- _____

9. Ditado.

No barrio onde vivo está prohibido que circulen os automóviles. É unha zona moi tranquila onde os rapaces podemos xogar na rúa sen perigo.

A miña comida preferida é o chourizo cocido con cachelos e verzas. Os lentes de sol e a gorra protexen os ollos dos raios prexudiciais.

Unidade 8. Que ocorre?

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

10. Le con atención.

—Eu non vexo nada
—dixo unha avetarda
que estaba outeando
a extensa sabana.

Entón a avetarda
subiuse nun gato
que estaba durmindo
na sombra dun mato.

E díxolle o gato:
—Ves algo, avetarda?

E dixo a avetarda:
—Non vexo máis nada
ca extensa sabana
feraz, seca e parda.

Antón CORTIZAS



11. Completa esta definición.

- A personificación consiste en dar calidades humanas a **animais ou cousas**.

12. Contesta.

- Que animais son os protagonistas do poema?

Avetarda e gato.


- Que calidades humanas teñen ese animais?

Que falan.

Unidade 8. Que ocorre?

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

13. Fíxate no mapa e contesta.



- Marca no mapa o lugar onde vives.
- Está dentro da zona marcada como influencia do seseo? _____

14. Completa.

fala galega

o son s

inicial

final

- O seseo é cando o **c** ou **z** se pronuncia como **o son s**.
- O seseo é un fenómeno da **fala galega**.
- Hai dous tipos de seseo: **inicial** e **final**.

15. Escribe como se pronunciarían estas palabras.

zapato **sapato**

cereixa **sereixa**

arroz **arros**

luz **lus**

- Seseo inicial: **sapato**, **sereixa**
- Seseo final: **lus**, **arros**